


PEZA DO MES

setembro

2023



**MOLDE DE FUNDICIÓN
CASTRO DE CASTROMAO**



Molde de fundición. Castro de Castromao

Molde de fundición
 Séculos V-III a. C.
 Esteatita
 8,3 x 6,8 x 4,2 cm
 N° de inv. CE005208/66

O obxecto do noso estudo é un fragmento de molde monovalvo para fundir barras, pranchas e tortas de diferentes tamaños. A peza evidencia unha grande economía de medios, preciso dominio das técnicas da metalurxia e unha importante rede de intercambios a media distancia.

A peza é unha valva de fundición de esteatita de forma rectangular que ten tallados catro dos seus lados; os dous maiores abertos para barras, pranchas e tortas, e os menores para lingotes de diferentes anchuras e grosos. Nesa economía de medios antes mencionada, o molde non só ten talladas todas as súas caras útiles, senón que foi utilizado repetidas veces en todas as posicións, demostrando un bo dominio tecnolóxico e unha precisa especialización do traballo.

Todos os ocros e caras presentan restos evidentes de queimado, agás o lado por onde fracturou. O momento da rotura é difícil de precisar. Cremos que non foi un erro no proceso de fundición, xa que de ser así presentaría tamén restos de

queimado nesa zona. É precisamente nesta cara e nunha das súas caras maiores onde aparecen os restos dunha pingueira de cor gris brillante. A súa textura, consistencia e cor levounos a pensar nun primeiro momento que podería ser metal, quizais estaño ou prata, o que despertou moitas expectativas. Estas especulacións non se viron confirmadas polas análises realizadas no pasado xullo no laboratorio do Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit-CSIC), en Santiago de Compostela, polos investigadores Lois Armada e María G. Faro. A técnica empregada, fluorescencia de raios X, amosa que o material destas adherencias está composto en máis dun 96 % por elementos lixeiros, quizais orgánicos, de número atómico inferior ao magnesio. Sen incluír a cuantificación dos elementos lixeiros, amosa como elementos predominantes o titanio e o ferro, cuxa presenza na mostra pode corresponder a restos de terra. As análises demostraron tamén que as zonas activas que permitiron toma de mostras rexistran valores de cobre entre 13,5 e 19 %, bastante superiores aos das zonas pasivas. Por tanto, é posible aventurar que esta parte do molde se empregou para fundir pezas de cobre ou elaboradas con aliaxes cunha base deste metal, aínda que o estaño está por debaixo do límite de detección na totalidade das análises efectuadas e o chumbo amosa valores semellantes nas partes activas e pasivas.

A pesar de estar fracturada, o estado de conservación da peza é bo. Xa durante a súa restauración, realizada por Rita Sanmamed, e baixo a lupa binocular, se descubriu nas pingueiras un material brando e amarelo que semella cera de abella ou similar. Ambos os dous elementos, que estaban moi adheridos e non se desprendían da superficie con facilidade, aparecen mesturados nalgúns puntos e noutros coa cera por riba, polo que descartamos que a substancia orgánica sexa *post* escavación.

O molde foi achado no transcurso da escavación realizada en 1978 por Francisco Fariña, na croa do castro. A xuízo do director da escavación, esta plataforma estaba formada por dous chanzos e tres niveis de ocupación; o segundo dos chanzos é un espazo cun perímetro ben definido por un conxunto de bloques pétreos irregulares que delimitan unha serie de estratos horizontais que entestan neles, conformando unha muralla defensiva. Neste segundo chanzo, nos dous estratos inferiores atopáronse, xunto co molde obxecto de estudo, un fragmento de espada de bronce, varias escouras, un fragmento de agulla dunha fíbula e cerámica feita á man, tipo Alpiarça. Sobre este estrato aparece outro máis potente, formado por un amplo pavimento esbrancuxado, perforado polos ocos de postes que alcanzan os estratos inferiores e cuxa aliñación define un espazo ovalado cun fogar central. Os materiais asociados aos niveis superiores son cerámicas bastante depuradas nas súas pastas, con formas globulares, lisas na súa maioría, pero tamén decoradas por incisións e algunhas cun acabado en negro, moi puído e con decoración no colo que se asemella á que será decoración e acabado característico, de moitas cerámicas deste xacemento, así como outros fragmentos de molde realizados en arxila e un crisol.

Para a elaboración dos moldes de fundición de Castromao recórrese a tres tipos de materias primas: o granito, a esteatita e a arxila. Loxicamente, á hora da súa selección entrarán en xogo variables como a facilidade de labrado, a resistencia e condutividade térmica, así como a súa presenza nas inmediacións do taller metalúrxico.

A esteatita habería que importala de canteiras que están a máis de 100 km. En Galicia, o xacemento máis próximo é o da mina abandonada de Amosa, en Vila de Cruces, onde aparece asociada á serpentina de maneira residual. En territorio portugués atópase no distrito de Bragança, no extremo nordés do país,

repartíndose entre as municipalidades de Bragança e Macedo de Cavaleiros: na primeira atopamos os xacementos de Campo Mineiro de Sete Fontes, Pena Maquieira e Sete Fontes, ou un pouco máis lonxe en Puebla de Lillo (León).

Desde un punto de vista físico, a esteatita ten unhas características particulares, xa que, á vez, é resistente e branda e, por tanto, relativamente fácil de manexar con ferramentas simples, e foi un material usado para o tallado desde hai miles de anos.

Tanto o granito como o barro e os metais son abundantes na zona. Non lonxe de Castromao localizáronse máis de 25 lugares con indicios dunha alta mineralización, dos que en 17 hai sinais de labores mineiros antigos de moi diversa consideración. Destaca unha zona wolfram-estannífera de certo interese no terzo norte de Celanova. Zonas arsenical-auríferas aparecen no centro da comarca, e son os lugares de Serra da Moura, San Lourenzo de Fustáns e os Arrotea-Cexo, respectivamente, os puntos de maior interese.

En publicacións posteriores cremos que os criterios de clasificación para o estudo dos moldes achados en Castromao deberán estar determinados polo número de valvas e o tipo de material con que están realizados. A atribución a un ou outro tipo resultará en moitas ocasións tarefa complicada pola inexistencia case total de exemplares completos: haberá que fixarse na posición dos sinais ou negativos. Así, a presenza destes na parte central vai indicar un uso exclusivamente monovalvo e unha vertedura co molde en posición horizontal, mentres que se os sinais alcanzan algún dos extremos será indicativo de que a enchedura se fai verticalmente, ben co complemento doutra matriz labrada, molde bivalvo, ou coa axuda dunha simple tapadeira plana, molde monovalvo pechado, o tipo máis común neste xacemento.

A cantidade, a complexidade e a calidade dos moldes achados deberán servir como proba da importante actividade metalúrxica que se desenvolveu, desde inicios da Idade do Ferro ata o cambio de Era, en Castromao. Esta actividade merece un estudo máis extenso e rigoroso do que esta publicación permite.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Ana María Veiga Romero

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

DEBUXO: Eugenia Cañedo Pérez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco